



Paraiso  
entre  
Ríos

# “O teu Concello infórmate”



## FEIRA de Paderne

A XII edición da Feira de Paderne celebrada os días 2 e 3 de xullo, contou coa presenza do Sr. Ministro de Xustiza D. Francisco Caamaño Domínguez que quixo acompañar ao Alcalde neste importante acontecemento que está a ser un referente para toda a comarca e unha sinal de identidade e do bo traballo que se está a facer en Paderne.

É xa o segundo ano que un ministro se achega ata o noso Concello como premio ao esforzo realizado polo Alcalde e o seu equipo por impulsar a economía da zona. Francisco Caamaño marchou de Paderne deixando un grato recordo entre tódolos expositores e persoas presentes na Feira; logo do discurso inaugural no que xa cautivou polas acertadas palabras, foi interesándose polos produtos presentados en cada un dos stands, saudando e sacando fotos con cada persoa que se lle achegaba ata percorrer tódolos lugares da Feira facendo gala sempre de un trato exquisito e gran amabilidade.

Un gran éxito de público, que destacaron tamén tódolos medios de comunicación, volveu a premiar esta labor colectiva en Paderne que conta con atractivos que non deixan indiferentes ás persoas que a visitan.

Dous días nos que os expositores mostraron o mellor dos seus establecementos; o último en canto a tecnoloxía, ofertas específicas para estes días de Feira e, sobre todo unha boa atención ó público.

Ademais das seccións clásicas nas que se ven apoiando o programa desde o primeiro ano, sempre se pode contar con algunhas novidades coas que sorprender aos visitantes como foron a concentración moteira que xuntou unhas 275 motos o domingo á mañá, a exhibición de coches antigos, a tala de figuras con motoserra ou a exhibición de tiro con arco.

Todo o que se presenta en Paderne, xunto coa ilusión e esforzo de tódolos que participan, fai que esta Feira sexa un dos acontecementos máis importantes e esperados de toda a provincia ó que se debe seguir apoiando porque, gracias a ela, o noso Concello ten un lugar destacado polo que debemos seguir a loitar.

## Clausura do Curso de Preescolar na Casa

O martes día 7 de xuño xuntáronse os grupos que formaron parte do Programa «Preescolar na Casa» durante todo este curso escolar no Concello de Paderne para facer unha merenda de despedida á espera de seguir desenvolvendo esta importante labor no vindeiro mes de outubro.

As familias con fillos de 0-3 anos estiveron integradas en grupos de traballo nos locais de Paderne e Viñas participando de experiencias e recibindo pautas para a educación dos pequeniños, ademais dos contidos específicos propios de estas idades, desenvolveron actividades encamiñadas ó fomento das relacións e da vida do Concello integrándose en actos e festividades con nenos e nenas de outras idades.

Como despedida de curso, o Concello proporcionoulles o desprazamento para realizar unha excursión coas familias de outros Concellos e pasar unha xornada enriquecedora para todos.



*O Alcalde con algúns dos pequeniños que formaron parte do Programa*



*Entrega do bastón de mando por parte do concelleiro de maior idade*

## Sesión de investidura

O pasado 11 de xuño ás 12:00 h, tivo lugar a sesión de investidura no Concello de Paderne; un acto no que tomaron posesión do seu cargo os novos concelleiros que resultaron elixidos para esta nova etapa de goberno.

Logo da toma de posesión, os novos concelleiros elixiron ó Alcalde. Apoiado polos oito ediles cos que conta o grupo socialista, saíu elidido César Longo que comezou pronunciando un discurso de agradecendo ó apoio recibido despois de doce anos ó fronte da alcaldía e manifestando o seu desexo de seguir traballando coas miras postas en servir o mellor posible a tódalas persoas de Paderne.

## Entrega de diplomas ós nenos das actividades extraescolares

Este mes de xuño remataron as actividades extraescolares que se impartiron durante o curso escolar para os nenos e nenas do Concello de Paderne en idade de escolaridade obrigatoria.

Un total de 94 escolares participaron nas actividades de informática, inglés, fútbol sala, psicomotricidade, tenis, bádminton e baloncesto que viñeron a reforzar tanto a formación académica como deportiva dos menores.

Impartidas segundo os niveles educativos, supoñen unha importante axuda para as familias aportando, ós nenos que asisten, un importante complemento para os estudos desde as primeiras idades.

Coas actividades deportivas adquiren as destrezas e a técnica necesarias para ir mellorando en cada unha das disciplinas ás que asisten ademais da aprendizaxe en valores e traballo de equipo.

Como remate, o Alcalde entregou os diplomas de participación a cada un dos grupos.



*O Alcalde con un dos grupos de informática*



*Exhibición dos grupos de pilates*

## Clausura das actividades de maiores

O venres 17 de xuño ás 20:30 h, realizouse a clausura das actividades de adultos que se impartiron ó longo deste curso para tódolos veciños maiores de dezaoito anos empadroados no Concello.

Podendo elixir entre actividades tales como manualidades, pintura, cestería, inglés, informática, memoria, aerobio, pilates, bailes de salón e ximnasia de mantemento, os locais de tódalas parroquias estiveron ocupados durante estes meses. O acto, presidido polo Alcalde, contou coa presenza dos monitores que impartiron as distintas actividades e das persoas participantes nas mesmas.

Logo da actuación da coral e grupo instrumental de Culleredo interpretando seis pezas populares, o programa de actos estivo centrado nas actuacións dalgúns dos grupos que formaron parte deste curso. Así, as persoas que formaron parte da actividade de pilates fixeron unha pequena demostración dando a coñecer dita actividade ó resto dos asistentes ó acto; tamén os de baile desmostraron as súas habilidades con tres coreografías distintas moi aplaudidas polo público rematando a xornada cuns pinchos entre tódolos asistentes.

## Contratacións por medio dos Programas de Cooperación

O cadro de persoal do Concello de Paderne ven de incrementarse coas contratacións efectuadas a través dos Programas de Cooperación da Deputación de A Coruña con sete persoas destinadas ás seguintes funcións:

- Por un total de 5.476,62 €, un socorrista por un período de 3 meses
- Por un total de 9.281,16 €, un auxiliar de servizos sociais por un período de 6 meses
- Por un total de 50.706,90 €, 5 peóns por un período de 6 meses.

Estas contratacións van a servir para dar un mellor servizo ós veciños mantendo as necesidades que se veñen a presentar en determinados momentos do ano.

## Limpeza de praias

A finais do pasado mes de xuño realizouse a contratación de 5 persoas, no Concello de Paderne, para a limpeza de praias durante os tres meses da tempada de verán.

Estas contratacións, realizadas a través do programa de socorrismo e limpeza de praias, que anualmente ven a convocar a Deputación de A Coruña co fin de apoiar ós concellos no sostemento dos gastos da contratación das cuadrillas de limpeza durante o verán, permiten que os accesos ás zonas de baño poidan manterse en boas condicións facilitando así o percorrido por lugares escasamente transitados fóra dos meses de verán e que requiren dun especial coidado en cada campaña.

Ó mesmo tempo, ditas contratacións, permiten o mantemento das zonas de esparcemento e ocio das distintas parroquias do Concello co cal, tanto bañistas como as persoas en xeral poden beneficiarse deste importante servizo.

## Aulas de conciliación, servizo especializado de atención a menores en período vacacional

Este ano o Concello volve a por en marcha as «Aulas de Conciliación» que son un servizo especializado de atención a menores en período vacacional financiado pola Deputación de A Coruña.

Están dirixidas a menores de entre 3 e 12 anos que se atopen en situación na que ambos proxenitores traballen como unha medida de apoio ás familias.

Realizaranse en horario de 8:30 a 14:30 horas durante o período vacacional do verán comezando o vindeiro 15 de xullo e ata que comece o curso escolar.

As familias que se atopen en estas circunstancias poderán dispor de servizo de transporte para o desprazamento dos seus fillos nas paradas habituais.

Para anotarse poden chamar por teléfono ás oficinas municipais ou acudir ós servizos sociais do Concello con prazo ata o día 13 de xullo.

# Día da Familia

## Sábado 27 de agosto de 2011

**13:00h** Sesión de bombas de palenque  
Actuación do Grupo Tradicional Dorna  
(Baile folclórico, coro tradicional  
e cantareiras)  
Degustación de caza

**14:30h** Saúda do Alcalde

**16:30h** Actividades para nenos  
(Inchables, xogos ó aire libre, campionatos)

Actividades para maiores  
(Campionatos de cartas, parchís, dominó)

Atraccións para todos  
(Xogos tradicionais)

**17:30h** Festa da Espuma e Toro mecánico

**20:00h** Bailaremos ata ben entrada a noite

**22:00h** Queimada

**22:30h** Sesión de fogos artificiais

*!!! Gran festa de tódalas  
familias de Paderne!!!*

*!!! Apuntádevos  
ata o 23 de agosto!!!*



CONCELLO  
DE  
PADERNE

Paraíso  
entre ríos



**Ven coa túa comida a unha gran carpa  
que dispón o Concello para comer todos xuntos**